



CONCURSO «SELFIE LIX» 2019

Con ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL, a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil, co patrocinio do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, convoca o concurso «**Selfie LIX Día Internacional**»

PARA PARTICIPAR:

1. Poden participar todos os lectores e lectoras que estean a cursar Primaria ou o primeiro ciclo de Secundaria, a través do seu centro docente ou desde a biblioteca:
 - Escoller unha ilustración dun personaxe ou unha escena da literatura infantil e xuvenil.
 - Facer unha fotografía que recree o personaxe ou a escena escollida.
 - Presentar a fotografía xunto co fragmento ou a ilustración que a inspira, indicando o título do libro ao que pertence.
2. En todos os traballos deberán constar os datos de identificación dos seus respectivos autores: Nome e apelidos, idade, ano de nacemento e curso escolar; así como tamén o nome do/a profesor/a ou bibliotecario/a, e o nome, o enderezo e o teléfono do centro cun correo electrónico de contacto.
3. Os centros docentes e as bibliotecas deberán seleccionar un **máximo de tres traballos** por categoría segundo o seu bo criterio. Deberán entregalos directamente ou ben remitilos por correo postal ou correo electrónico **antes do día 2 de abril** en función da súa residencia ou ámbito lingüístico no que participe.

O envío deberase realizar aos seguintes enderezos:

- **Consejo General del Libro Infantil y Juvenil.** r/Santiago Rusiñol, 8.28040 Madrid. secretaria@consejodellibro.org
- **Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil- ClijCAT.** r/Mallorca, 272-274. 08037 Barcelona clijcat@clijcat.cat
- **Galtzagorri Elkartea.** Zemoriya, 25 bajo. 20013 Donosti. galtzagorri@galtzagorri.eus



- **Gálix**. Centro de Emprendemento. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n. 15707 Santiago de Compostela. galix@galix.org
- **OEPLI**. concursodiainternacional@oepli.org

A biblioteca/librería/escola comprométese a enviar as autorizacións do/a pai/nai ou titor para a reprodución das fotografías nas redes sociais.

4. Establécese un premio para cada unha das seguintes categorías e ámbitos lingüísticos:
 - Primeiros lectores (1º, 2º e 3º de Primaria)
 - Lectorado avanzado (4º, 5º e 6º de Primaria)
 - Superlectores (1º e 2º de Secundaria).
5. Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para as/os premiados e a entidade (biblioteca ou centro docente) que presente os traballos.
6. O xurado cualificador estará integrado por representantes de cada unha das seccións da OEPLI.
7. A sentenza do Premio terá lugar no mes de maio, antes do día 21, e a entrega dos premios celebrarase na data e lugar que acorden cada unha das seccións da OEPLI.
8. Non se devolverán os orixinais aos seus respectivos autores e autoras unha vez pronunciado o concurso. A OEPLI e as súas seccións poderán utilizar as fotos gañadoras en diferentes soportes e usos relacionados co DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL, sen que iso dea dereito a retribución algunha para as/os concursantes.
9. A participación no concurso supón a autorización dos pais, nais ou titores dos menores para que as fotos poidan ser reproducidas e difundidas a través das redes sociais e da páxina web da OEPLI e das diferentes seccións territoriais.
10. A presentación de orixinais para o concurso tamén supón a aceptación e conformidade coas presentes bases.

Madrid, febreiro 2019